

ACTA Nº 14-2011
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 25 DE AGOSTO DE 2011 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente: -ADOLFO FRANCISCO
MUIÑOS SANCHEZ

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTANS
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (incorporase no punto 9 da orde do día)
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSE CARLOS GEY HERMO
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
SONIA CASTAÑO EIRAS
ANA MARIA AGRELO REY
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN
JOSE RICARDO BESADA GESTO
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
ELISA BOUZAS VICENTE
ANA MARIA EITOR VIDAL

Concelleiros ausentes:

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as señores/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros, e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, polo Sr/a. Presidente/a declárase aberta a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14 de xullo de 2011.-
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.-DAR CONTA DO ESCRITO SOBRE A NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-
- 4º.- DAR CONTA da VARIACIÓN DE MEMBROS NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS POR BANDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE
- 5º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 1056/2011, DE NOVA CONCELLEIRA DELEGADA.
- 6º.- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XGL (R.A nº 1052/2011)
- 7º.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS(26/07/2011).
- 8º.- NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR.-
- 9º.- NOMEAMENTO VOGAL E, REPRESENTANTE DE SE-LO CASO, NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA.-
- 10º.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS ANO 2012.
- 11º.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 12º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14 de xullo de 2011.-

Acta Nº 13 Sesión Extraordinaria do día 14 de xullo de 2011.

A Presidencia pregúntalle aos Sres/sras. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Vanessa Martinez Duran, di que: na paxina 14 no último punto, onde pon: ".../... 6 votos en contra (os 5 do PP) .../..." , debe dicir: ".../... 6 votos en contra (os 6 do PP).../..."

A Secretaria comproba o erro cos asistentes e votos emitidos e admite a corrección.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada ca rectificación sinalada, por unanimidade dos presentes.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 29 de abril de 2011 ata o 31 de xullo de 2011, que comprenden os números 508/2011 ao 1047/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 8 Sesión extraordinaria do día 25 de abril de 2011.
- Acta Nº 9 Sesión extraordinaria do día 03 de abril de 2011.
- Acta Nº 10 Sesión extraordinaria do día 10 de maio de 2011.
- Acta Nº 11 Sesión extraordinaria do día 02 de xuño de 2011.
- Acta Nº 12 Sesión extraordinaria do día 08 de xuño de 2011.
- Acta Nº 13 Sesión extraordinaria-constitutiva do día 07 de xullo de 2011.
- Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2011.
- Acta Nº 15 Sesión extraordinaria do día 19 de xullo de 2011.
- Acta Nº 16 Sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DAR CONTA DO ESCRITO SOBRE A NOVA COMPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

O Sr. Alcalde da parte do texto que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En sesión plenaria de data 30/06/2011 deuse conta da constitución dos diferentes grupos políticos municipais tralas eleccións do día 22 de maio e sesión constitutiva do día 11 de xuño, en base aos escritos asinados polos concelleiros compoñentes de cada un e achegados por rexistro.

En cumprimento do estipulado nos artigos 23 e ss., do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, caso de que posteriormente á sesión constitutiva prodúzase a toma

de posesión por novos concelleiros deberán incorporarse a algún dos grupos constituídos, que de non ser así quedarán como membros non adscritos.

Trala renuncia dun concelleiro do PSdeG-PSOE e posterior toma de posesión no pleno corporativo do día 14 de xullo de 2011 dunha nova concelleira, presentase de novo escrito de composición do mencionado grupo político con Rexistro de entrada do día 16/08/2011.

En consecuencia, procede dar conta do devandito escrito, segundo o que os seus membros son:

D. JOSE CARLOS GEY HERMO
D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
Dª. MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
Dª. SONIA CASTAÑO EIRAS
Dª ANA MARIA AGRELO REY

Voceiro: D. JOSE CARLOS GEY HERMO

Suplentes: Dª. SONIA CASTAÑO EIRAS>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- DAR CONTA da VARIACIÓN DE MEMBROS NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS POR BANDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

O Sr. Alcalde da parte do texto que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Pola Presidencia dáse conta do escrito presentado polo grupo político do PSdeG-PSOE para adscribir os seus membros ás diferentes Comisións informativas creadas polo Pleno da Corporación (rex. entrada de data 16/08/2011) trala incorporación dunha nova concelleira.

Cómpre lembrar que tense constituído o día 08/07/2011 as diferentes comisións informativas creadas por acordo plenario do 30 de xuño do presente ano, e delegada a Presidencia delas, agás na comisión especial relativa ao PXOM, vía Resolución nº 988/2011.-

En consecuencia os membros das diferentes Comisións Informativas son os seguintes:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO, E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Presidente: D/Dª HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/Dª Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª ELISA BOUZAS VICENTE.- Suplente: D/Dª ANA MARIA EITOR VIDAL

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª ANA MARIA AGRELO REY.- Suplente: D/Dª MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS.

Presidente: D/D^a ADELINA CES QUINTANS

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a ADELINA CES QUINTANS .- Suplente: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a ANA MARIA EITOR VIDAL.- Suplente: D/D^a ELISA BOUZAS VICENTE

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO.- Suplente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL, E MEDIO AMBIENTE.

Presidente: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO .- Suplente: D/D^a XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- Suplente: D/D^a JOSE RICARDO BESADA GESTO

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO.

Presidente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.- Suplente: D/D^a ADELINA CES QUINTANS

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.- Suplente: D/D^a ELISA BOUZAS VICENTE

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS.- Suplente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE.

Presidente: D/D^a JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.-

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/D^a M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.- Suplente: D/D^a JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE

- Grupo PSdeG-PSOE:
Titular: D/D^a JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.- Suplente: D/D^a ANA MARIA AGRELO REY.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E VIVENDA.

Presidente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

Vogais:

- Grupo B.N.G:
Titular: D/D^a ADELINA CES QUINTANS.- Suplente: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO

- Grupo P.P.:
Titular: D/D^a M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- Suplente: D/D^a JOSE RICARDO BESADA GESTO

- Grupo PSdeG-PSOE:
Titular: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

Presidente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

Vogais:

- Grupo B.N.G:
Titular: D/D^a ADELINA CES QUINTANS.- Suplente: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO

- Grupo P.P.:
Titular: D/D^a JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE.- Suplente: D/D^a ANA MARIA EITOR VIDAL

- Grupo PSdeG-PSOE:
Titular: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS.- Suplente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Presidente: D/D^a ADOLFO F.MUIÑOS SANCHEZ

Vogais:

- Grupo B.N.G:
Titular: D/D^a ADOLFO F.MUIÑOS SANCHEZ .- Suplente: D/D^a M^a ADELINA CES QUINTANS

- Grupo P.P.:
Titular: D/D^a JOSE RICARDO BESADA GESTO.- Suplente: D/D^a M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA

- Grupo PSdeG-PSOE:
Titular: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 1056/2011, DE NOVA CONCELLEIRA DELEGADA.-

Dáse conta da devandita resolución que figura no expediente e que se transcribe de seguido:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 27 de xuño de 2011, ditouse Resolución nº 914/2011 pola que se outorgaron delegacións especiais por esta Alcaldía en pro de varios concelleiros da nova corporación constituída tralas eleccións de maio.

Na sesión plenaria do día 14 de xullo de 2011 tomou posesión unha nova concelleira, Dona Ana Maria Agrelo Rey.

O artigo 23 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local permite á Alcaldía delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais para cometidos específicos en favor de calquera concelleiro, aínda que non formaran parte de dito órgano.

No tocante ás mencionadas delegacións, e ao abeiro dos artigos 43, 44 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, indicar:

- Delegacións xenéricas: referiranse a unha ou varias areas determinadas, e poderán comprender as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída no seu caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- Delegacións especiais: un dos supostos de delegacións deste tipo son as relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprendera a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver. O exercizo desta delegación poderá ser supervisada polo concelleiro con delegación xenérica.

A realización das delegacións efectuarase por Resolución da Alcaldía, determinándose o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, e as condicións específicas do exercizo das mesmas.

De conformidade co artigo 115 do Rd.2568/1986, a Alcaldía como órgano delegante conserva as facultades seguintes respecto das delegacións conferidas:

- a de recibir información detallada da xestión da competencia delegada, e de incluírse tamén dos actos e disposición emanados polo delegado.
- A de ser informado previamente a adopción de decisións de especial trascendencia.
- A de considerarse ditados pola Alcaldía os actos do órgano delegante, a efectos da interposición de recursos, agás expresa delegación.

Dito esto, vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986,

RESOLVO:

Primeiro: Efectuar a seguinte DELEGACIÓN ESPECIAL nos servizos que se indican en pro da concelleira Ana María Agrelo Rey: XUVENTUDE E EMPREGO.

Segundo: As delegacións conferidas abrangueran a dirección interna e xestión dos servizos incluídos, agás a facultade de resolver, e exerceranse garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.

En ningún caso o concelleiro-delegado podera delegar a súa vez a delegación outorgada.

Terceiro.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumi-las atribucións delegadas nesta Resolución ser perxuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

6.- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XGL (R.A nº 1052/2011).-

Dase conta da devandita resolución que figura no expediente e que se transcribe de seguido:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Advertida unha omisión e a necesidade dunha puntualización.

Dito esto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado,

RESOLVO:

Primeiro: Modificar a Resolución nº 952/2011, do 27 de xuño nos termos que se sinalan nos apartados que se indican:

- no apartado A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS, engadir:

<10.- A transmisión das licenzas ou autorizacións que procedan legalmente sempre e cando non se trate dunha simple toma de razón nos expedientes mencionados neste apartado, incluídas as relativas ao servizo de autoturismo.>

- no apartado C) EN MATERIA ECONOMICO FINANCIERA, rectificar engadindo:

<3.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de sub-

vencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas. Exceptúanse as axudas de emerxencia social>

<8.- Aprobación de liquidacións provisionais e definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.>

Segundo: A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxizo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Terceiro: Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

7.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS(26/07/2011).-

O Sr. Alcalde da conta do informe conxunto emitido pola Intervención e Tesourería municipal o día 26 de xullo de 2011, cuxo contido é o que segue:

<<INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.
- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor o día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 06/07/2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que "esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade a súa entrada en vigor", entenderíase que, as facturas rexistradas con anterioridade ao 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

TERCEIRO.- Por outra banda, a periodicidade coa que se debe dar a información é trimestral, en principio o trimestre cúmprese respecto ao último informe o 6 de xullo, pero por razóns de operatividade, esta tesourería e intervención optan por dar información trimestral, facendo coincidir esta cos trimestres naturais do ano, desta forma, o período deste informe remataría o 30 de xuño.

Cuarto.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de cincuenta días dende o 1 de xaneiro de 2011. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 30/06/2011 (incluíndose o día de remate do trimestre), incumpríuse o prazo para o pago efectivo establecido no artigo 200.4 e Disposición Transitoria oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e contía global de obrigas:

Anteriores ao 01/01/2011 Prazo de 55 días:

Número total de obrigas pendentes: 910
Importe total destas obrigas: 463.053,46 €

Dende o 01/01/2011 Prazo de 50 días:

Número total de obrigas pendentes: 567
Importe total destas obrigas: 284.653,84 €

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local.

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorporárase ao presente pola intervención as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro sen que se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. **NON HAI FACTURAS QUE CUMPRAN ESTA CONDICIÓN**

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.>>

O Alcalde di que o informe remítese a onde legalmente procede para dar así coñecemento do estado das contas municipais.

O Pleno DASE POR ENTERADO.

8.- NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Estando pendente o nomeamento do representante da corporación no Consello Escolar do CEIP "Brea Segade" de Taragoña.

En consecuencia, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares aos concelleiros/as:

- CEIP "Brea Segade" (Taragoña): Dª Ana María Agrelo Rey.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Concelleira designada, e aos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO, E NORMALIZACIÓN LINGUISTICA o día 23/08/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona Mª Vanesa Martínez Duran, di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que tanto a proposta é correcta como a persoa que se considera oportuna é a concelleira Ana María Agrelo.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 5 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.), dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

9.- NOMEAMENTO VOGAL E, REPRESENTANTE DE SE-LO CASO, NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En primeiro lugar dase conta da Resolución nº 1055/2011, do 04 de agosto que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O día 01/08/2011 (Rxe Nº 4619) tense recibido escrito neste concello do Ministerio de Economía e Facenda, Delegación de Galicia- A Coruña, Consello Territorial do Catastro de Galicia- A Coruña, polo que se solicita que antes

do 19 de agosto se comunique o concello que represente as entidades locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Vista a Orde de Economía e Facenda de 26 de xullo de 2007, pola que establece o procedemento de designación dos representantes locais nos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria.

Considerando que no escrito remitido recóllese relación dos diferentes concellos que integran a provincia de A Coruña, estando entre eles o Concello de Rianxo.

Analizado o artigo 3.3º para a elección dos representantes dos diferentes concellos que integran os Consellos indicados, segundo o que primeramente os Presidentes dos Consellos Territoriais dirixense en prazo de 90 días dende as eleccións aos concellos para que lles proporcionen o nome dos concellos que ocuparian cada unha das vogalías correspondentes á sección á que pertenzcan. Posteriormente, e realizado o escrutinio dos votos comunicaron o resultado aos concellos elixidos, sendo ordenados segundo o número obtido para as posibles substitucións.

Xa os así elixidos, di o artigo 3.3º.d) da Orden, "designarán a persoa que formará parte do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria". Todo elo tendo en conta que a renovación dos representantes deberá producirse no prazo de 4 meses dende as eleccións municipais.

Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.

Neste caso o nomeamento de persoa concreta representante será no caso de resultar o Concello de Rianxo como concello elixido, aspecto que lle compete determinar ao Pleno municipal.

Polo exposto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Propoñer como concello representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria ao CONCELLO DE RIANXO.

Segundo: Someter ao Pleno corporativo a ratificación desta Resolución e propoñer representante para o caso de resultar elixido este Concello como vogal do Consello Territorial e así cumprir co prazo estipulado no artigo 4 da Orde de 26/07/2007, de non celebrarse outro pleno a tempo de dita renovación.

Terceiro: Comunicar a presente ao Ministerio de Economía e Facenda antes do 19 de agosto, sen prexuízo de remisión do acordo plenario que resulte."

En consecuencia, e consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Xa que logo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO cara a evitar que, de ser elixido este Concello como vogal houbera que celebrar un pleno extraordinario unicamente a tal efecto:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 1055/2011, do 04 de agosto, en canto ao punto primeiro de designar concello representante o CONCELLO DE RIANXO.-

Segundo.- Nomear representante desta corporación, caso de resultar elixido este concello como vogal do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, ao Alcalde desta entidade, quedando condicionado dito nomeamento a comunicación do Presidente do devandito Consello a tal efecto. De non ser así, perderá toda virtualidade.

Terceiro.- Notifica-lo presente acordo ao Concelleiros designado e a Consello Territorial do Catastro aos efectos oportunos.->>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS o día 23/08/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M^a Vanesa Martínez Duran, di que non están conformes en que se decidira conxuntamente o concello vogal a o representante, mais si están a favor de que sexa o Concello de Rianxo, aínda así votaran a favor con esa precisión.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que apoian a proposta na súa totalidade.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que estiman a millor solución é que sexa o Alcalde o representante.

Incorporase a sesión o Concelleiro Don Xoán Vincenzo Ces Rodríguez.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor da unanimidade dos 17 concelleiros presentes (os 6 do BNG, 5 do PSOE-PSdeG e os 6 do P.P.), dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma, coa aclaración do voto do P.P./

10.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS ANO 2012.-

O Sr.Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< Visto o escrito do Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, interesando se lle comunique os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2012, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Visto o Decreto 128/2011, do 30 de xuño, polo que se determina o Calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando o estipulado no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "*serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*".

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2012, os seguintes días:

- 21 de febreiro: Martes de Carnaval
- 14 de setembro: Venres de Guadalupe.

Segundo: Comunicar antes do 30/09/2010 á Delegación para o seu coñecemento e efectos.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS o día 23/08/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M^a Vanesa Martínez Duran, di que propón que o festivo local fose o día do Carme, pero como xa na Comisión Informativa non se contou antes coa súa opinión, vanse abster.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que ven dado como costume o de manter o martes de antroido que sempre se veu festivo de fai anos. Para outros anos se vería.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que na Comisión Informativa xa explicou que certamente noutra vez o Cabildo protestara porque non era festivo, cambiándose e logo houbo outras queixas por elo en sentido contrario. De igual xeito tense falado doutras datas como o 24 de xullo ou o día de San Xoán, pódese mirar para outros anos e falalo con tempo.

O Alcalde di que de todos os xeitos mirarase para outros anos, certamente “o Carme” desluciuse ao non ser festivo e perdese un pouco, aínda así no momento da Comisión Informativa pódese mirar e acordar outros.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.), dos 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

11.- MOCIONS DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia *pregunta se hai mocións.***

Unha vez sexa mencionada a moción polo grupo propoñente, someterase previamente a declaración de urxencia, e de acadar a mesma por maioría absoluta do numero legal de membros que conforman a corporación, procederase ao debate e posterior acordo.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos:

Entrado neste punto a Alcaldía comenta que non se presentou ningunha por rexistro.

Os grupos tampouco presentan ningunha no intre da sesión.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

D. **Ricardo Besada**, concelleiro do P.P. formula os seguintes:

Rogos:

- 1. Inste a quen competa ou o propio concello a que pinten os pasos de pinos que agora están borrados como por exemplo no Araño fronte o Bar Nava Era, na Casilla, en Campo de Pazos en Tarragona, etc.*
- 2. Pregamos que inste a quen competa para que se pinte liña descontinua fronte a Gasolineira de Chorente, pois en dirección Araño non se pode acceder a dita gasoleneira.*
- 3. Pregamos procedan a retirada dos pneumáticos que permanecen no río de Outeiro, na parroquia de Araño, restos contaminantes do accidente dun camión fai uns meses.*
- 4. Pregamos se repoña o espello do cruce das calles Brea Segade co Gudiños.*
- 5. Pregamos procedan a retirar da pista das Escubelas, no Araño, as pedras e o lixo que provocou a chuvia co seu arrastre.*
- 6. Na Ponte Nova no Araño as tapas do pozo de bombeo que se puxeron fai apenas un ano están abombadas e con un burato. Pregamos que se repoñan.*
- 7. Pregamos se proceda o desbroce e limpeza das marxes das pistas do concello que o precisen.*
- 8. No lugar de Traba, no Araño, onde comeza o enlousado hai un pequeno recheo que moita xente utiliza para aparcadoiro. Dito recheo ten un desnivel considerable, e por lo que precisa o dote dunha barandilla, debido o perigo que supón para pións e vehículos.*
- 9. Pregamos que no lugar de Quintas, en Isorna, na estrada xeral, se proceda a revisión e cambio das bombillas do alumado público.*
- 10. Pregamos que se subsane o derrubo da pista sobre o regato do Piñeiro en Isorna, xa que se desviou o cauce de dito regato.*
- 11. Levamos 3 anos pedindo dende o Partido Popular que se dote de corrente eléctrica e auga quente o Campo de Fútbol de Isorna. Pregamos que este novo goberno o tome en consideración.*
- 12. Na beirarrúa da calle Faustino Rey Romero, a altura do establecemento Eduardo Varela existe un gran socavón con perigo para os viandantes, pregamos o seu arranxe así como todas as deficiencias das beirarrúas da Urbanización A Martela.*
- 13. Pregamos inste a quen corresponda a limpeza das beirarrúas de Campo de Pazos.*
- 14. Pregamos o arranxo do cerre do parque infantil da Escola de Buia, destrozado nos actos vandálicos da noite de Xan Xoán pasada.*

Preguntas:

- 1. ¿Por qué levan apagadas as farolas da marxe par da calle Rinlo os últimos 3 días? ¿Por qué se apaga o alumado público da marxe impar das calles Carballeira e Pazos?*
- 2. Despois de varias queixas que lle foron transmitidas o Partido Popular de Rianxo por veciños da parroquia de Araño queixándose do mal olor que desprenden os contedores do lixo, e o mal estado de conservación no que se atopan. ¿Cando ten pensado proceder a súa hixienización e o seu arranxo?*

3. *A escola da Capela está sufrindo actos vandálicos: pintadas, etc. ¿Ten pensado facer algún tipo de actuación contra tales actos? E ¿Repintar a escola?*
4. *Para cando o arranxo da pista que está derrubada a altura da Fonte de Cestelo?*
5. *¿Para cando ten pensado poñer o grifo no cemiterio parroquial de Isorna e dotar de auga a Casa da República?*
6. *¿Cando van tapar os bados da estrada de Leiro?*
7. *O burato que hai xunto a senda peonil que vai a o lugar da Veiga en Leiro ¿pensase arranxar algún día?*
8. *En canto ao servizo de sumidoiro, ¿como zoas de Leiro quedaron sen él? E o que e menos comprensible, ¿Cómo en núcleos de vivendas unhas teñen e outras non?*
9. *¿Cando se pensa abastecer a parroquia de Leiro ca auga do Ulla?*
10. *¿Por qué a praia do Porrón non ten brigada de limpeza? ¿Pode explicar o abandono de dita praia?*
11. *Na documentación recibida polo Partido Popular vemos que faltan obras que co anterior goberno estaban paralizadas por ter informe técnico desfavorable, e agora estase a traballar nelas. ¿Por qué non se nos dou conta?*
12. *Nesta documentación tamén vemos que faltan licencias de apertura de locais que xa están abertos. ¿Por qué non se nos dou conta?*
13. *Sabemos que hai 3 formas de aprobar obras: Por decreto do Alcalde, en Xunta de Goberno Local, ou polo Pleno da Corporación. Vendo que se están concedendo licencias sen ir a ningunha comisión do obras nin urbanismo. ¿Pode explicarnos como se están tomando estas decisións? E ¿Para que creou unha comisión de obras e outra de urbanismo?*
14. *No seu programa electoral levaba unha proposta na que dicía que “realizaría unha auditoría xeral independente do estado das contas do Concello e os diferentes servizos municipais”. Como ben sabemos que as auditorías independentes son caras e non vinculantes o Partido Popular vaille a propoñer a primeira proposición desta lexislatura: Solicite o Concello de Contas de Galicia unha inspección minuciosa sobre as contas do Concello de Rianxo, e este mesmo órgano se vai a encargarse de facer a tan ansiada, por tódolos veciños, auditoría. ¿Comprométese vostede agora mesmo co Pobo de Rianxo e co Partido Popular de Rianxo a que en próximas datas vai solicitarlo? ¿Conteste SI ou NON?*
15. *¿A canto ascende a débeda do Concello de Rianxo a día de hoxe? Tanto a recoñecida como a non recoñecida.*
16. *Existe unha xeral preocupación entre os veciños e asociacións de Rianxo polo que vai a acontecer no Porto de Rianxo o día 17 de setembro. Hai unha aposta a ver cantas toneladas de lixo vanse recoller y quén as vai recoller. Explícome: hai convocada unha Festa da Mocidade para o venres 16 no porto de Rianxo. O pobo de Rianxo en votación libre votou o ano pasado que querían 5 días de festa na Guadalupe. Na páxina web da Comisión de Festas da Guadalupe e nos carteis anunciados engádense os venres 9 e 16, din que organiza as Juadalupeñas. En Portos de Galicia non teñen (a data de hoxe) constancia de que se pedira permiso para facer dita festa nese lugar. ¿Ten o Concello solicitado o permiso para dito evento? ¿Vaino conceder? Neste últimos anos o remate do macrobotellón no que terminaban as festas era lamentable ver como deixaban noso pobo. A xuventude ten todo o dereito a divertirse e pasalo ben, pero a diversión debe ser san. De todos e coñecido que tralo anuncio de Festa se esconde o abuso do alcohol, das drogas, da intolerancia e actos vandálicos. ¿Vai vostede protexer as embarcación dos nosos mariñeiros? ¿Vai vostede protexer as embarcación deportivas? ¿Vai vostede protexer o mobiliario ur-*

bano? En definitiva ¿Vai vostede conceder licencia para dita actividade, privada e fora das Festas da Guadalupe, si se lo solicitan? Y si non se o solicitan ¿tomará algunha medida?

Dona **M^a Vanesa Martínez Duran**, voceira do P.P., pregunta: *¿ se ten coñecemento de que hai traballadores que fan o seu traballo dende a casa, e si é así, se o vai permitir?*

A **Alcaldía** di que debido á súa recente incorporación resulta difícil dar resposta a todo na mesma sesión, sobre todo se non dispón de ditos rogos e preguntas por escrito con antelación, o que facilitaría a explicación dos concelleiros das áreas correspondentes, e o coñecemento do pleno así como pola Secretaría.

Manifesta tomar nota dos rogos formulados polo concelleiro.

No tocante ás preguntas pode adiantar o seguinte:

- Respecto do apagado das farolas (nº 1), con independencia da resposta do concelleiro da área, sería en calquera caso unha medida de aforo necesario, que servirá para sañar as contas municipais.
- En canto aos pintados ve que algún dos mencionados, como o de Isorna, e os pasos de peóns correspóndelle a outras Administracións.
- Do dito dos actos vandálicos (nº 3) , ninguén esta de acordo con que se produzan, e se perseguen e se intenta restaurar os danos acaecidos.
- Sobor da realización das Comisións Informativas para licenzas (nº 11 e 13), cómpre aclarar que unicamente son preceptivas para ditaminar os asuntos que se someten ao pleno municipal, se houbera algún asunto de interese podería someterse tamén á comisión informativa, mais polo de agora non se van someter os asuntos da Xunta de Goberno Local. En todo caso, os expedientes da Xunta de Goberno Local vannos ter á súa disposición dende a súa convocatoria para consulta e coñecemento.
- Festas da Guadalupe (nº 16): Non sabe o que votou o pobo de Rianxo, o certo é que son os días oficiais e as que se desenvolven neses días igual que as de diferentes parroquias. Investigar como se desenvolven, sen prexuízo das autorizacións, non é a liña de traballo deste goberno. Decidir cómo se teñen que organizar, sen obviar, loxicamente, as medidas de seguridade e prestación de diferentes servizos (bombeiros, limpeza, policía...), xa hai instrucción para garantir unha axeitada celebración das festas. O de ter un día mais non se consultou co concello, e é a Comisión de Festas quen o ha de solicitar a Portos, tamén se confirmara con ela. Son temas da comitiva e nunca se lles ten trasladado inxerencia no xeito da súa execución.
- En relación ás contas (nº 14 e 15), se lle remiten ao Consello de Contas e é preceptivo e posible, se o estiman mester, que realicen unha fiscalización. Ademais, a aprobación da Conta Xeral tense demorado con intención por este goberno precisamente para manter unha xuntanza coa interventora municipal en presenza de todos os grupos, e así saber a situación real. É importante facer primeiro este traballo interno, xa que logo este ano a Comisión Informativa e trámites previos xa se fixeron case que enriba das eleccións municipais de maio, e é bon refrescar a situación e aprender algo mais dos datos que constan na documentación e os seus epígrafes.

Remata o Alcalde dicindo que estudarase o resto, a ver que se pode facer, pero que quere facer saber a limitación de recursos humanos e materiais, ben lle gustaria dispoñer de mais medios pero non é posible reducir gastos e dar mais de sí.

O 1º Tenente de Alcalde, o concelleiro **Jose Carlos Gey Hermo**, intervén para engadir que no relativo á obra de Fincheira, que supón que o concelleiro Ricardo Besada refírese á colocación de varios bancos e árbores, en vez de aparcamentos, estimouse idóneo e mais acorde co entorno e para elo modificouse o proxecto de obra e demais tramitación pertinente, e aprobouse en Xunta de Goberno Local.

Ricardo Besada di que se podería aproveitar mais acurtando a curva.

Jose Carlos Gey admite que podería ser, e engade que respecto da pregunta relativa ás licenzas de actividade (nº 12), sométense á súa tramitación, cos informes técnicos e xurídicos, con carácter previo á súa concesión. Se hai algún local aberto sen licenza en canto se sabe, adóptanse as medidas oportunas.

Continua dicindo que é intención deste goberno facilitar a posta a disposición dos expedientes de urbanismo e incluso tratalos.

Respecto da Contas, recalca que tense remitido puntualmente ao Consello de Contas, e ademais vense procurando pagar as facturas expedidas contra a Facenda Municipal no prazo de 50 a 60 días.

Por último, sobor da festa da mocidade e a súa vinculación co botellón e actos vandálicos non é admisible enlazalos sen mai. Sábese o que acontece nunha concentración deste estilo, pero non ten ido mais aló, e incluso pensa que é modélico.

Ricardo Besada di que non era iso como o pretendía dicir, pero que débese lembrar como quedaron as rúas tralas festas.

O **Alcalde** sinala que de feito, o acto vinculado a tradición mais, digamos, vandálico foi o do día de San Xoan. En todo caso, verase o do día de mais da Guadalupe, e poranse maiores reforzos posibles.

Vanesa Martinez comenta a pouca confianza que lle está transmitindo a Alcaldía coas respostas, xa que no programa do BNG pregoábase que tería lugar unha auditoría, e agora o van deixando. Logo viu que a Comisión Informativa xa se realizara antes das eleccións do que se deu conta sendo Alcalde, e así cando o PP lle preguntou nin sequera sabía que se sometera a ditame dese órgano. Hoxe xa semella que somos o concello mellor “arraxado” e cumpridor, e ata parece estar tranquilo.

O **Alcalde** respóstalle que tranquilo non está, pero comprobou que prazo había para rendila, e prefire porque todos os grupos reciban dita información, di que el tampouco se meteu coa Conta xeral aínda, e ata que teñan esas sesións monográficas coa interventora. A situación é mala en xeral, e tamén no Concello de Rianxo.

Carlos Gey di que tamén neste ano cumpriuse que todas as empresas tiñan que presentalas no primeiro semestre.

Vanesa Martinez di que lle sorprende que este ano se levara entón en maio, se ben é correcto que se cumpran os prazos.

O **Alcalde** remata coa pregunta da auga do Ulla (nº 9). Sobre ela di que tense solicitado informe á Consellería de Sanidade, estudada con ela a situación con ela das parroquias de Isorna e Leiro, para a súa entrega parcial, e no caso de Abuín, quixo ser prudente para ofrecer a auga do Ulla para aqueles que o solicitaran. O martes da semana seguinte ten unha entrevista co Director de Augas de Galicia, que aínda que non era por este tema, vaillo lem-

brar tamén se ben xa está encamiñada. Sacarase un bando informativo para que a xente faga os enganches sempre e cando chegue o informe de sanidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:05 HORAS, de orde da Presidencia, abrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:12 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo